AXA ARQUEOLOXÍA, S.C.

PROXECTO: CONSOLIDACIÓN ARQUEOLÓXICA E LIMPEZA BIOLÓXICA NO CASTRO DE VILADONGA

CASTRO DO REI (LUGO)

INFORME VALORATIVO

PROMOTOR: CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
MUSEO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DE VILADONGA

OUTUBRO, 2007

AXA
ARQUEOLOXIA

DATOS TÉCNICOS DO PROXECTO :

Proxecto técnico: Consolidación arqueolóxica e limpeza biolóxica no Castro de Viladonga

Promotor: Consellería de Cultura e Deporte

Museo Arqueolóxico do Castro de Viladonga

Elaboración Proxecto: Emilio Ramil González, Carolina Pérez Pérez
Código CD 102A 2007/528-0

Dirección intervención: Emilio Ramil González
Restauradora do Museo Castro de Viladonga: Carolina Pérez Pérez

SITUACIÓN E IDENTIFICACIÓN:

Concello: Castro do Rei
Lugar: Viladonga

Enclave: Xacemento Castrexo

INDICE

LOCALIZACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

2.- OBXECTIVOS

3.- INTERVENCIÓN E METODOLOXIA:
3.1.- Protección de áreas escavadas
3.2.- Derrubamentos puntuais

4.- CONTROL BIOLÓXICO

5- MEDIOS MATERIAIS, EQUIPA TÉCNICA E TEMPORALIZACIÓN

6- OBSERVACIÓNS

7- RESULTADO DA INTERVENCIÓN

LOCALIZACIÓN DA ZONA DE INTERVENCIÓN



Localización.

O Castro de Viladonga está situado no lugar de Viladonga, parroquia de Santiago de Viladonga, concello de Castro de Rei, a 23 km. ó N.L. de Lugo



PROXECTO ARQUEOLÓXICO
AUTORIZADO E REALIZADO

1.- INTRODUCIÓN

A proposta de intervención no castro de Viladonga, despois de terse realizado a campaña de escavación do 2007 consistíu no seguinte:

1.- A protección das áreas escavadas nesta campaña e no acondicionamento do acceso do público á croa do castro. (13-1/Q), e a estrutura no interior da croa (13-Ñ/O)

2.- A restitución de derrubas puntuais acontecidas neste inverno. (12-L) e (9-I).

2.- OBXECTIVOS

O obxectivo de toda intervención periódica no xacemento é manter a súa boa conservación e interromper os danos, ocasionados ata o momento, polos axentes de alteración, ademais de previr futuro deterioro.

O mantemento continuado e as actuacións periódicas son imprescindibles para acadar o noso obxetivo de boa conservación, que é imprescindible cara a súa presentación pública.

Os criterios de actuación son sempre a mínima intervención e o máximo repecto ó orixinal. Seleccionaronse ademais para restaurar as estruturas de deterioro máis grave e con risco de perda.



3.- PROPOSTA DE INTERVENCIÓN, AUTORIZADA POLA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL

3.1.- PROTECCIÓN DE ÁREAS ESCAVADAS

Nesta intervención temos como prioridade a proteción das estruturas exhumadas nesta campaña que se corresponden ao acceso este á croa e a unha construcción no interior da croa.

- Acceso (13-14/,Q)

Foi preciso acondicionar este acceso ao público, polo que propuñemos cubrir con xeotextil e encher con grava e terra, nivelando dende a cota orixinal deste acceso utilizado ata agora. En futuras escavacións decidirase a seleción do nivel que quede ao exterior, pero momentáneamente, e para a

boa conservación de muros e pavimentos, a cubrición, ainda que sexa parcial e permita ver parte do empedrado mellor conservado, é a mellor solución. Ademais debemos impedir que a auga de choiva encharque e produza arrastres de terra, e debilite o pavimento e ás estruturas. O recheo debéu facerse cunha inclinación hacia o foxo, para que as augas discorran e non provoquen encharcamentos que danen e impidan o bo acceso.
As cabeceiras dos muros laterais foron protexidas con lousas e capa vexetal.
Indicabamos no proxecto que outra posibilidade a estudar sería a colocación dunha pasarela aérea que facilitase o acceso e ademais permitise a contemplación dos restos.

- Estrutura (13-Ñ/O)

Esta construcción presenta no seu Interior parte do derrubamento que se deixará a vista co obxectivo didáctico de que os visitantes entendan o proceso de destrucción dunha vivenda abandonada. Nos muros, que están totalmente escavados, propuñemos a solución de proteción da cabeceira que protexe os lenzos murais dos axentes destructivos: auga, xeadas, raices de plantas, animais etc. Ademais de parte da estrutura da vivenda (12-N), que xa foi escavada anteriormente e rematouse de exhumar esa parte muraria nesta campaña.

3.2.- DERRUBAMENTOS PUNTUAIS

Ao longo do inverno producíronse dúas derrrubas que precisaban unha urxente intervención, non só para restituir a parte derrubada, senon tamén para previr que continue o derrubamento provocando a perda total do muro. (12-L) e (9-I)

En primeiro lugar, procedemos á limpeza e eliminación dos restos do derrube,das plantas, raíces, etc. Unha vez limpa a zona a reconstruir, debemos seleccionar o material: a pedra, a argamasa, e o elemento diferenciador para colocar entre a parte orixinal e a restaurada.

A pedra debe ser do tipo da lousa orixinal e seleccionamos pequenos fragmentos de cuarzo para usar como elemento diferenciador a modo de ripias no paramento.

A argamasa que empregamos debe reunir as características de compatibilidade co resto dos materiais, que teña poder adhesivo pero sen provocar rixidez ou tensións perxudiciais, que teña resistencia mecánica, porosidade etc., e que non aporte elementos agresivos como sales solubles, además de ser estéticamente compatible.

Propuñemos unha argamasa de cal hidraúlica natural, cuxo fraguado se produce en contacto coa auga. As propiedades físicas e químicas deste material o fan o máis idóneo para o seu emprego en restauración.

A colocación da cuberta protectora na cabeceira dos muros restituidos faise ca mesma metodoloxía que usamos normalmente.

4.- CONTROL BIOLÓXICO

O control biolóxico é un dos traballos que deben realizarse periódicamente e alomenos tres veces ó ano como medida preventiva e de conservación, además de que facilita o percorrido e comprensión do xacemento ós visitantes.

O crecemento incontrolado da vexetación propicia danos nas estruturas polo efecto das raíces e facilitan a instalación de animais como roedores, réptiles, etc., además de atraer a auga e elevar a humidade.

Procedese a unha roza, con máquinas específicas, de toda a croa e as inmediacións do castro, como son os accesos e os antecastros. Además da limpeza manual de plantas enraizadas entre as laxes dos muros e as lousas dos solos.

Debemos sinalar a necesidade dunha tala das árbores que hai nos foxos e terrapléns das murallas, este crecemento incontrolado de árbores de gran

tamaño (castiñeiros) que medran e enraizan nas estruturas enterradas, facendo dano e perxudicando a boa conservación das mesmas, además de impedir a boa visualización e correcta comprensión do xacemento.

5- MEDIOS MATERIAIS, EQUIPA TÉCNICA E TEMPORALIZACIÓN

MEDIOS MATERIAIS

-Teodolito, nivel, barras topográficas.

-Cámara fotográfica dixetal e con películas para color , material de debuxo.

-Ferramenta manual para consolidación, lousas, e argamasa de cal hidráulica.

- Desbrozadoras manuais, tixeiras de podar, e tractor para recoller a materia vexetal.

TEMPORALIZACIÓN

Para a execución da actuación arqueolóxica descrita neste proxecto se coidóu necesario un prazo temporal de **23 días laborais a xornada de 8 horas**

Data de inicio: 3 de setembro do 2007

Data de remate: 24 de setembro do 2007

RELACIÓN NÓMINAL DO EQUIPO TÉCNICO

Para a realización dos traballos descritos, se coidóu necesario a participación de:

Emilio Ramil González, arqueólogo director.

Equipo técnico:

Carolina Pérez Pérez, restauradora do Museo do Castro de Viladonga

Isabel Cabrera Tilve, arqueóloga e debuxante

Colaboran:

1 Canteiro con experiencia en traballos de consolidación no Castro

2 Peóns

6.- OBSERVACIÓNS

A intervención realizóuse conforme ó proxecto autorizado agás duas observacións:

1- Respecto ó acceso (13-14/Q), constátase durante a intervención arqueolóxica que a solución dunha pasarela, que impida o paso sobre o empedrado orixinal, ó tempo que permite a sua observación dende a misma, é a mellor solución. Dende o punto de vista didáctico e revalorización patrimonial do acceso orixinal á croa do Castro, consideramos necesario deixalo á vista do público, pero para a sua conservación a solución é unha pasarela sobre o mismo.

2- En relacion cós derrumbamentos puntuais, decide a Dirección do Museo que a estructura muraria 9-I está excesivamente deteriorada e precisa unha intervención integral no mismo.

7- RESULTADO DA INTERVENCIÓN ARQUEOLÓXICA

CONSOLIDACIÓN

Acondicionamento do acceso do público á croa do castro. Consolidación dos muros que flanquean o acceso.

En primeiro lugar, procedemos á limpeza e eliminación dos restos do derrube,das plantas, raíces, etc. Unha vez limpa a zona a reconstruir, debemos seleccionar o material: a pedra, a argamasa, e o elemento diferenciador para colocar entre a parte orixinal e a restaurada.

A pedra debe ser do tipo da lousa orixinal e seleccionamos pequenos fragmentos de cuarzo para usar como elemento diferenciador a modo de ripias no paramento.

A argamasa que empregamos debe reunir as características de compatibilidade co resto dos materiais, que teña poder adhesivo pero sen provocar rixidez ou tensións perxudiciais, que teña resistencia mecánica, porosidade etc., e que non aporte elementos agresivos como sales solubles, además de ser estéticamente compatible.

Propuñemos unha argamasa de cal hidraúlica natural, cuxo fraguado se produce en contacto coa auga. As propiedades físicas e químicas deste material o fan o máis idóneo para o seu emprego en restauración.

A colocación da cuberta protectora na cabeceira dos muros restituidos faise con lousas e capa vexetal.

SECTOR DA MURALLA

Muros da estructura defensiva que flanquean o acceso á Croa denantes a consolidación

Para a **consolidación dos muros da muralla que flanquean o acceso á Croa** empregouse un doble criterio; os sillares que se atoparon movidos pero no seu emplazamento orixinal, foron simplemente consolidados, e todos aqueles sillares que sairon do escombro ou que perderon a súa ubicación orixinal foron aproveitados na reintegración tanto para a fazana como para o recheo.

O traballo de consolidación dos lenzos dos muros da muralla, foi levado a cabo por un canteiro seguindo técnicas artesanais. A técnica constructiva que se empregou foi a superposición de sillares sen empregar ningún tipo de argamasa, só a base de cuñas e con recheo de terra e pedras. A pedra procede na súa meirande parte do derrube e do entorno do castro; esta pedra componse na súa maioria de xistos e outro tipo de esquistos.

Canteiro durante a consolidación do muro sur da Muralla

Acceso rematada a consolidación

Muros consolidados do acceso á Croa

Vista dende o leste do acceso

Detalle da ubicación da doble porta no muro sur, consolidado

SECTOR DA CROA

Estructuras habitacionais exhumadas na excavación arqueolóxica denantes a consolidación

Estructuras habitacionais rematada a Consolidación

Durante os traballos de consolidación e cubrición dos muros da vivenda

Detalle do vestíbulo da vivenda cuia excavación completamos nesta campaña, rematada a consolidación

Vista xeral da primeira vivenda da Croa

Vista xeral do sector da Croa rematada a intervención

DERRUBAMENTOS PUNTUAIS DENANTES A INTERVENCIÓN

Derruba (12-L)

MURO CON DERRUBAMENTO PUNTUAL REMATADA A INTERVENCIÓN



Situación da vivenda moi próxima ó camiño principal que recorre a Croa de leste a oeste.

Detalle do muro xa consolidado o derrubamento puntual

LIMPEZA BIOLÓXICA

Procedéuse a unha roza, con máquinas específicas, desbrozadoras manuais, de toda a croa e as inmediacións do castro, como son os accesos e os antecastros. Además da limpeza manual de plantas enraizadas entre as laxes dos muros e as lousas dos solos

Croa do Castro rematada a limpeza vexetal

Vista do antecastro

Vistas de antecastro e foxo rematada a limpeza





Limpeza vexetal finalizada

Vista do recinto principal rematada a intervención



Ferrol, 10 de outubro do 2. 007 Asdo: Emilio Ramil González